



O COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL ALERTA DO DESAMPARO SOCIAL NOS CENTROS EDUCATIVOS DA COMUNIDADE GALEGA

- **A retirada da Traballadora social no Colexio de Educación Especial Público Saladino Cortizo (Vigo) mobiliza á Comunidade Educativa e preocupa a esta entidade**
- **Tamén advirten que a Consellería de educación non está tendo en consideración o aspecto social do alumnado e das familias tras as consecuencias a crise económica e social que infundiú a COVID**

Redacción 24-09-21.- O pasado 16 de setembro de 2021 O CEE Saladino Cortizo de Vigo e a ANPA do centro denunciaban en varios medios de comunicación a supresión da praza da Traballadora social tras a súa xubilación. Indican que a figura do Traballo social neste centro educativo é “decisiva”, alertando

O Colexio de Traballo social de Galicia vén de reclamar á Consellería de Sanidade a cobertura da praza da Traballadora social, tras a súa xubilación, do Centro CEE Saladino Cortizo de Vigo, deixando en absoluto desamparo ao alumnado deste Centro de Educación Especial. Desde a institución súmanse as múltiples denuncias e reivindicacións do Centro e as ANPAS para recuperar o Traballo social, advertindo que é unha figura “clave” para “favorecer o establecemento e fortalecemento das relacións entre o medio escolar, o familiar e o comunitario, a integración escolar e social dos nenos/as que teñen dificultades de adaptación ao contexto educativo polas súas circunstancias persoais, familiares ou sociais e a intervención sobre todos aqueles

obstáculos que impiden o desenvolvemento integral das crianzas, como poden ser o acoso escolar ou o risco de pobreza”. Indican da necesidade de dar unha rápida e axeitada resposta desde os centros educativos.

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) reivindicán, neste momento de crise educativo, a cobertura da figura do traballo social no sistema educativo galego ademais de salientar que actualmente a figura do Traballo Social está amplamente extendida en todos os CEE, polo que non é razoable que desapareza nun deles.. Subliñan que “a introdución do traballo social no Estado comezou nos centros de educación especial a través de equipos multidisciplinares. O decreto 120/1998 do 23 de abril regula a orientación educativa e profesional e a Orde do 24 de xullo de 1998 na que se regula a figura do traballo social de xeito específico nos equipos de orientación”.

Desde o COTSG trasladan á Consellería que “o traballo social é fundamental para mellorar as posibilidades de aprendizaxe do alumnado, reducir o efecto das desigualdades socioeconómicas entre o estudantado, diminuír o risco de fracaso e abandono escolar do alumnado máis desfavorecido, favorecer a integración do alumnado, mediar entre a familia e a escola , favorecer a participación das familias, abordar as situacións de conflito, orientar e asesorar ao profesorado e ao centro educativo achegando a perspectiva social”. Ao fío disto engaden que **“é necesario continuar avanzando na presenza do traballo social nos centros educativos en conxunto cos equipos interdisciplinares para posibilitar o traballo directo co alumnado, a familia e o profesorado “.**

Desde o COTSG son conscientes das constantes eivas no sistema educativo público incrementadas trala crise da COVID-19 e lamentamos que a consellería rexeite sistemáticamente escoitar as propostas profesionais que contribúen a dotar de calidade o sistema.

